

XUNTA DE GALICIA

Víctor M. Vázquez Portomeñe
Conselleiro de Cultura

Homero J. M. Pérez Quintana
Director Xeral de Cultura

Xavier Senín Fernández
Subdirector Xeral de Cultura

Coordenación Casa da Parra
Pilar Corredoira

Xestión Administrativa
Dolores García Vaamonde
Blanca Rodríguez Alvariño

Difusión
Patricia Maceira

Textos
Margarita Ledo Andión

Deseño, maquetación e fotografías
Ignacio Basallo

Montaxe
Escenoset, Santiago de Compostela

Transportes
Pernas, S.A.

Seguros
La Previsión Española S.A.

Agradecementos
José Luis Vázquez Montero
Galería Marisa Marimón
Alberte Permuy

Imprime
Alva Gráfica, S.L.

I.S.B.N.: 84-453-1695-8

D.L.: C - 662 - 1996

AS BAMBOLINAS DO EQUILIBRISTA

Se a súa caixa de ferramentas caera e se abrira na Estación de Francia ou mentres agarda polo coche de línea a camiño de Amsterdam, o andén enchería de xoguetes, envases, moldes de facer flan, videos, fotografías, inxenios e canicas, en mentres il, absorto, detén a súa andadura e olla durante muito tempo a nova combinación que forman eses bens. Algo que se asemella a un cono despega facendo unha acrobacia e troca a parte de enriba en lateral. O movemento activa toda esta familia de equilibristas ao acaso e as bambolinas entran en escea coma se retornaramos aos días en que a libertade creativa formaba parte dos modos de confronto cos corsés do réxime.

Un grupo de artistas, na Galiza, a comén dos setenta saen das máis diversas caixas de ferramentas, póñense a percorrer salas, fan servir un espacio calquera para as súas mostras, aparecen de súpeto polas rúas da cidade en festas e canda eles Ignacio Basallo observa que por entre cadros, gravados, comix, e carteis adoito faltan esas pezas en vango que nos conducen ao mundo do escultor. Así, hai vintecinco anos, no 1971, Basallo decide botar man da madeira,

do seu material máis querido e máis coñecido (criárase, aprendera a ollar e a idear ***cousos*** nun taller de ebanista), e co seu material máis querido enceta un silabario persoal coma quen se entretén no xogo das prendas. Ate que define o repertorio expresivo encol do que, en diante, vai evolucionar.

Ao axexo das variacións accidentais nas formas, movéndose coa súa cativa libreta de notas, improvisacións, pequenas fórmulas compositivas, esquemas... diletante por sistema, nómada, hospitalario para as influencias que escolle como ecos no seu propio traballo e que veñen de linguaxes anónimas, populares, tanto como das realizacións de autor —a Calder acáeselle ben o bambán corado dunha dorna— Ignacio Basallo consegue algo tan prezado como aquel "ter estilo" de que falou Cocteau; consegue esas constantes —visíbeis e invisíbeis— que nos permiten, en calquera altura e en calquera lugar, dicer segundo as convencións: "é un Basallo, éo ¿non si?". Confésolles que é unha das cousas nas que nunca fallei.

Atrais da frase que resume o mundo, atrais dese lugar común "éo ¿non si?", está a nao-container do

escultor. Trabes de derribo, canos, celofán, plásticos, chapas de pepsi, cordas, mobles, artiluxios, sopletes e paisaxes de experiencias, muitas delas intersticiais, aproveitando fendas que se producen nas estructuras máis asentadas; experiencias, outras, que quizáves nin dean entrado na construcción dese "é un Basallo", desa fibela mórbida que nos achega ás relacións da arte coas transformacións da cultura cotián.

Coma lles pasa aos que acuden aos Centros de Saúde. De Oza, ou de Outes, ou de Santiso... Aos que se paran nas portas da Eirexa de Santo Antonio, no Polígono das Fontiñas, en Santiago... A quen fita na Casa da Parra o álbun en varias dimensións e en varias fases que entrelazan o seu percurso persoal. Coma el propio, que mirará, na súa nao-container, unha obra sen fin cando lúe coa outra tal se lle fora prestar o seu ronsel. De seguro que por iso pode velas multiplicarse e despois partir. Para destinos que nin Ignacio Basallo, de profesión explorador, nunca saberá. Así vos son de míseras as regras mediadas do mercado artístico, esas regras que lle conceden o dereito ao segredo de posesión a quen asina un cheque.

30 de xuño de 1985:

"Xa teño dúas pezas máis rematadas e, na pequena, apliquei vellos procedementos con novas mezclas, voltei a utiliza-lo soplete que resalta o veteado e, ó mesmo tempo, mezclando o hollín coa cera conseguín un ton negruzco; esta mezcla pódese alixeirar con anilina amarela ou roxa, dando pequenos xogos de transparencias...

... Ata hoxe estou con cores baixas ou rebaixadas para manter unha alternacia entre a naturalidade do material e o engadido."

Nas esculturas de Basallo cada material tén, aínda mantén, a súa traza de utilidade. O cartoné rosa. Os restos de obra. O cano de cobre que alguén algures o fixo servir para se quencer, para traer a auga para as casas e que agora ollamos como obxecto estético. Todo nos indica a posibilidade de mirar dunha outra maneira, xusto aí onde se cruzan a historia material e os símbolos. No tempo que pasa sobre de usos comúns para os obxectos como pasan unidos madeira e máis ferro sobre a terra ou se xunguen para lle outorgar forma a portas e xanelas a traveso das que acceder ao coñecemento de nós propios e das pegadas antropolóxicas nas composicións.

Un dos esgos que máis me atraen no traballo de Basallo está no azar, na maleta que se abre, e tamén na vontade, na consciencia de xogar co azar a partires de regras, a partires dos materiais seus básicos, e enxergando variacións longuícuas que lle fan abandoar as peanas, rachar co equilibrio normativo, orientar o esforzo cara o cimo, entablar diálogo con elementos imposíbeis de fixar coma o é o cordel.

Unha das virtudes que me solprenden sempre —coma toda virtude— das pezas de Basallo é a maña con que encaixan no teu espacio íntimo ou por entre as rutinas do espacio doméstico tal se fosen ese maceteiro incerto que no recanto sinalaba o lugar no que detés a vista e pensas a serie de "Gaiolas" como artefactos de parada e fonda.

Así como vostedes o farán, tamén eu traio o meu imaxinario para os ocos, as ensamblaxes, a memoria da paquetería "al por mayor", a pasaxe en vai-vén dunha cor para outra, o aletexo da figuración e do ritual. Tamén eu me prendo do seu oficio e do convivio efímero con cada combinatoria e con elas dese fabrico cultural que é o lecer. Camiño lácteo que vai das formas máis antropomórficas e instrumentais ás trans-

formistas; das máis asentadas e creíbeis dos primeiros tempos ás novas codificacións coa introducción do movemento, é dicir, do tempo, e dos materiais de ciclo curto coma o son as pétalas; complicidade amatoria entre o sentido da vista, os modelos de visión, os signos, a composición reducida *in extremis* e a problematización da historia da arte porque, para Basallo, a tentativa, a pescuda expresiva e o proceso de realización son o *origo* das súas leis estructurais.

En desque comecei o texto ando termando da miña reserva de citas. Moi especialmente querería evitar aos críticos. Pero, por contradicción, ándame un ruxe-ruxe que sei que vén de Achille Bonito Oliva, cando en *Punti Cardinali,* ao pontificar sobre a arte contemporánea insiste no do eclecticismo. Non hai norte, nen leste, nen producción se non reproducción.

Lonxe, ao lonxe, lonxe da publicidade ou da televisión, Basallo decátase que unha das súas pezas caeu e ficou acaneando encol un dos seus lados. Acaba de nascer o "Balancín".

En desque comecei o texto ando cismando nesa xeración de saltimbanquis que me aprendeu a solidarida-

de creativa, que me apañou coas súas mostras heterodoxas, que aplicou o seu traballo en soportes dos de usar e guindar —as pegatas das manifestacións— e que de certo terán algo que ver na miña adicación profesional á comunicación audiovisual.

Nas miñas páxinas en branco agacho sempre pequenos ensaios de John Berger, coma "O paxaro branco". E funme afacendo a trasladar as súas cualidades —a referencia ao entorno, a capacidade simbólica, o respeto do material empregado, a economía de formas e a perfección da manufactura—, a plenitude significativa deses paxaros de madeira que os labregos da Alta Saboia constrúen na invernía e penduran nas xanelas, para as pezas cultas do Ignacio Basallo.

Un cachibache romo, rosa fucsia, cun asa coma un bolso, acóchase tra-la porta do cuarto. A lámpara. Os mondadentes... ¿quen dixo que as cousas, ou as formas, só poden estar nun lugar á vez?

Margarita Ledo Andión

Rennes-Compostela, abril de 1996